

ACTA

CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE (X-14)

Xuntanza ordinaria do 26/07/2021

Asistentes: Beatriz Legerén Lago (presidenta en funcións), Iván Puentes Rivera (secretario en funcións), Alberto Dafonte Gómez, Alberto Pena Rodríguez, Ana Belén Fernández Souto, Anna Amorós i Pons, Carmen Máiz Bar, Diana Ramahi García, Emma Torres Romay, Érica Conde Vázquez, Javier Abuín Penas, Jorge Lens Leiva, José Manuel López, José Octavio Rodríguez Nieto, Juan Manuel Corbacho Valencia, Julinda Molares Cardoso, Luis Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez González, Montse Vázquez Gestal, Oswaldo García Crespo, Paulino Emilio Pérez Feijoo, Silvia García Mirón, Talía Rodríguez Martelo, Vera Cruz Montoto Vázquez e Vicente Badenes Plá e Sergio Frade Fraga con voz e sen voto.

Desculpan asistencia: José Rúas Araújo (director), Ana Iglesias Álvarez, Isabel Moreira Recamán, Julia Fontenla Pedreira, Oswaldo García Crespo, José Octavio Rodríguez Nieto e Román Pereiro Rodríguez-Lepina.

A xuntanza do Consello dá comezo ás 11.00 horas (segunda convocatoria) na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus Remoto da Universidade de Vigo, baixo a presidencia da profesora Beatriz Legerén Lago, Secretaria do Departamento, que actúa como directora en funcións pola imposibilidade de asistencia do presidente titular, o profesor José Rúas Araújo, actuando como secretario en funcións, polo mesmo motivo, o profesor Iván Puentes Rivera; coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de 05 de maio e 12 de xullo de 2021.
2. Informe do director.
3. Aprobación, se procede, e validación dos horarios de titorías correspondente ao curso 2021-22
4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación de POD do curso 2021-2022.
5. Aprobación, se procede de asuntos de profesorado.
6. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de 05 de maio e 12 de abril de 2021

A profesora Emma Torres Romay pide a palabra para sinalar que a acta de 5 de maio, páxina 3, inclúe a frase “ante a actitude pouco proactiva dos membros do departamento para formar o tribunal” [...], pedindo que se redacte doutro xeito, xa que o problema que houbo para conformar os tribunais, máis que esa suposta falta de proactividade, foi e é a falta de apoio e incluso transparencia nalgunha das prazas por parte da Universidade de Vigo.

A directora en funcións propón substituír a sinalada frase por “ante a falta de apoio por parte da administración da Universidade para configurar os tribunais de valoración de prazas” [...].

Sometido o asunto a votación, coa cambio sinalado na acta de 5 de maio de 2021, apróbanse ambas actas por asentimento.

2. Informe do director

A directora en funcións, a profesora Beatriz Legerén Lago, lembra que o Departamento está pendente do concurso para cubrir varias prazas de profesorado de diferente tipo e comprométese a atopar en breve o número de persoas que se presentaron a cada concurso, así como os tempos previstos de resolución e provisión das sinaladas prazas.

O profesor Paulino Pérez toma a palabra e apunta que el falou con Profesorado da UVigo a semana pasada e que, segundo a información que lle transmitiron, contan con publicar as listaxes de admitidos estes venres, día 30 de xullo, o que implicaría que a resolución de todo o proceso, mediando os días legalmente dispoñibles para a corrección de erros e vacacións do persoal, quedaría na práctica para o mes de setembro.

A profesora Legerén Lago informa tamén da solicitude de xubilación recibida de parte do profesor David Elisardo Formoso Vázquez, que obriga a modificar o POD xa aprobado, especialmente no que ten a ver coas materias do primeiro cuatrimestre, a fin de poder iniciar o curso con normalidade, asunto que será analizado no seguinte punto da orde do día.

3. Aprobación, se procede, e validación dos horarios de titorías correspondente ao curso 2021-22

A directora en funcións informa de que todos os profesores/as cumpriron con este trámite, recalcando que as titorías este ano non poden ser online, senón presenciais, salvo que sexan concertadas previamente entre o alumnado e o profesorado.

Puntualiza, en todo caso, que hai tres horarios de titorías de profesorado asociado que, tendo sido xa remitidos ao Departamento non constan na aplicación online. Trátase dos profesores/as Carmen Máiz Bar, José Octavio Rodríguez Nieto e Laura Miragaya López, pendentes de renovar o seu contrato coa UVigo, motivo polo que aínda non puideron acceder á sinalada aplicación para subir os seus horarios. En todo caso, os horarios propostos son os que seguen:

- Profesora Máiz Bar:
- Profesor Rodríguez Nieto:
- Profesora Miragaya López:

O profesor Javier Abuín Penas toma a palabra e indica que el tampouco pode acceder á aplicación de titorías, xa que a súa incorporación como investigador postdoutoral é recente e, polo tanto, tamén están pendentes de publicar os seu horarios, que quedarían do seguinte xeito:

- Profesor Abuín Penas: 2 horas no primeiro cuadrimestre e 2 no segundo na modalidade de presenciais concertadas.

O profesor Sergio Frade solicita que, ademais de fraccións de 30 minutos se poidan indicar nos horarios de titorías fraccións de 15 minutos, para axustarse mellor ao horario do profesorado, especialmente do asociado.

A profesora Beatriz Legerén comprométese a trasladalo á Universidade e, como solución provisional, a proposta da profesora María Isabel Míguez, proponlle ao profesor Frade que pase as súas titorías á modalidade de presenciais concertadas, pedíndolle á área que active ese cambio.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación de POD do curso 2021-2022

A directora en funcións sinala que as novas necesidades de cobertura de docencia, que motivan a modificación do POD proposta, veñen dadas pola solicitude de xubilación do profesor David Elisardo Formoso Vázquez, así como pola redución de horario do profesor Iván Puentes Rivera a raíz do seu nomeamento como coordinador do Grao en Publicidade e Relación Públicas.

As materias que quedan sen docencia a raíz da xubilación do profesor Formoso e que suman 230 horas en total son:

- Guión, produción e realización para televisión (Grao en Comunicación Audiovisual, 4º curso, 1º cuadrimestre): 60 horas.
- Propaganda en medios audiovisuais (Grao en Comunicación Audiovisual, 4º curso, 1º cuadrimestre): 90 horas.
- Produción publicitaria en medios audiovisuais (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 2º cuadrimestre): 60 horas.
- Estrutura e actividade da axencia publicitaria (Grao en Publicidade e RR.PP., 2º curso, 2º cuadrimestre): 20 horas.

Pola súa banda, o profesor Iván Puentes reduce sobre o POD aprobado para o curso 2021-22, 30 horas de docencia, ás que se poderían sumar outras 30 da bolsa do Decanato da Facultade, xa remitidas á Profesorado, xerando a seguinte necesidade de cobertura:

- Técnicas de relacións públicas (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 2º cuadrimestre): 30 horas.

A profesora Beatriz Legerén sinala que a Universidade de Vigo, ante situacións deste tipo, opta como prioridade pola ampliación de contrato a profesorado da institución que teña esa posibilidade, que no caso deste departamento pasaría pola ampliación de horas a profesorado asociado, pero feita esta consulta, ningún dos profesores/as en cuestión amosou interese nesa

ampliación. O segundo criterio pasaría por completarlle horas a aqueles profesores/as que na configuración do POD non teñan chegado ao límite do seu encargo docente e, finalmente, recorrer a novas contratacións de profesorado.

Considerando estes criterios e escoitadas as propostas, necesidades e ofrecementos dos membros do Departamento ao respecto, a directora en funcións propón a seguinte modificación:

- Guión, produción e realización para televisión (Grao en Comunicación Audiovisual, 4º curso, 1º cuadrimestre). Das 60 horas dispoñibles:
 - 10 asúmeas o profesor Carlos Manuel Soutelo Soliño.
 - 30 horas asúmeas o profesor Sergio Frade Fraga.
 - 20 cubriranse a través dunha nova lista de agarda.
- Propaganda en medios audiovisuais (Grao en Comunicación Audiovisual, 4º curso, 1º cuadrimestre). Das 90 horas dispoñibles:
 - 20 horas asúmeas o profesor Javier Abuín Penas.
 - 60 cubriranse a través dunha nova lista de agarda
- Produción publicitaria en medios audiovisuais (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 2º cuadrimestre). As 60 horas dispoñibles incorpóranse á lista de agarda xa convocada para o primeiro cuadrimestre.
- Estrutura e actividade da axencia publicitaria (Grao en Publicidade e RR.PP., 2º curso, 2º cuadrimestre). As 20 horas dispoñibles cubriráanse a través dunha nova lista de agarda
- Técnicas de relacións públicas (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 2º cuadrimestre). As 30 horas dispoñibles cubriranse a través dunha nova lista de agarda.

A maiores do indicado, o profesor Javier Abuín Penas suma 8 horas de docencia no Mestrado en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais.

Estes cambios xeran unha nova necesidade de cobertura de docencia, xa que o profesor Sergio Frade libera 30 horas da materia Guión, produción e realización de ficción (Grao en Comunicación Audiovisual, 3º curso, 2º cuadrimestre), polo que sinala por parte da directora en funcións a necesidade de convocar unha nova xuntanza do Consello de Departamento en setembro a fin de acordar as modificacións de POD que afecten ao segundo cuadrimestre, nomeadamente esta que se indica e as hipotéticas novas 30 horas que podería liberar o profesor Iván Puentes da materia Técnicas de relacións públicas (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 2º cuadrimestre).

Toma a palabra o profesor Juan Manuel Corbacho Valencia para apuntar que o profesor Xabier Martínez Rolán, que tivo que ausentarse da xuntanza, desexa liberar 5 horas da materia Obradoiro de prácticas profesionais (Grao en Publicidade e RR.PP., 4º curso, 2º cuadrimestre) e sumalas no Mestrado en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais. As horas dispoñibles no Obradoiro de prácticas profesionais serían asumidas pola profesora Ana Belén Fernández Souto no que caso de que Profesorado obrigue a cubrir parte das horas non cubertas por esta profesora, quen, en todo caso, manifesta que a súa vontade, no caso de ter

que asumir máis docencia, é facelo na materia Planificación Estratéxica das Relacións Públicas (Grao en Publicidade e RR.PP., 3º curso, 1º cuadrimestre). Proponse que, de momento, á espera do que indique Profesorado, non se altere o POD neste punto, quedando, por tanto, a docencia de Obradoiro de prácticas profesionais como está no actual POD.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede de asuntos de profesorado

A directora en funcións propón a aprobación de dous permisos docencia, solicitados polos seguintes profesores/as:

- Alberto Pena Rodríguez: Universidade de Columbia (EE.UU.), do 1 de setembro ao 30 de novembro de 2022.
- Iván Puentes Rivera: Universidade del Rosario (Colombia), do 28 de agosto ao 15 de setembro de 2021.

Montse Vázquez Gestal: tiña solicitado un permiso para realizar unha estancia na Universidade do Minho (Portugal) entre o 1 de febreiro e o 31 maio de 2022, pero desexa anular ese permiso para solicitar un novo para a mesma fin, mais con data de inicio o 1 de marzo e de fin o 31 maio de 2022.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

6. Rolda de intervencións

Non hai intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 12.10 horas do mesmo día.

Pontevedra, 26 de xullo de 2021

A PRESIDENTA EN FUNCIÓNS,



Beatriz Legerén Lago



O SECRETARIO EN FUNCIÓNS,



Iván Puentes Rivera